TURISMO DE GALICIA

ANEXO V

COMUNICACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS
TU986B- SUBVENCIÓNS PARA ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EMPRESAS TURÍSTICAS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

Ao ser beneficiaria dunha subvención concedida ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2023 (código de procedemento TU986B), con código de expediente

COMUNICA

A finalización das actuacións e presenta a xustificación do investimento subvencionado de acordo co establecido no artigo 17 das bases reguladoras establecidas na antedita resolución, coa finalidade da percepción dos fondos xustificados

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non se solicitou nin se recibiu ningunha outra subvención, axuda, recurso ou ingreso para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

☐ Si se solicitaron e/ou se recibiron outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que en relación coas axudas *de minimis* concedidas ou solicitadas:

☐ Non se solicitou nin se recibiu ningunha outra axuda *de minimis* durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

☐ Si se solicitou e/ou se recibiron outras axudas *de minimis* durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña desta ou de outras administracións públicas ou de entes públicos, nacionais ou internacionais, ou de calquera outra entidade pública ou privada, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía e do organismo concedente.

3. Que non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Que está ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de conformidade co artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
5. Que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
6. Que a empresa non está en crise, segundo o establecido polas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (Comunicación da Comisión, 2014/C 249/1, do 31 de xullo de 2014).

TURISMO DE GALICIA

ANEXO V
(continuación)

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación):

7. Se a subvención solicitada supera o importe de 30.000 euros, a entidade solicitante está incluída no ámbito de aplicación subxectivo da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais, e cumpre os requisitos establecidos no artigo 258 do Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital para os efectos de presentación de conta de perdas e ganancias abreviada, que se atopa ao día no cumprimento dos prazos de pagamento establecidos no artigo 4 da devandita Lei 3/2004, do 29 de decembro.
8. Que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e no Acordo do 29 de marzo de 2022.
9. Que todos os datos contidos nesta comunicación e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ a) Certificado final da obra subscrito pola dirección facultativa, no suposto de actuacións de mellora da envolvente térmica (tipoloxía 1).

☐ b) Certificado da instalación térmica, subscrito polo/a director/a da instalación ou o/a instalador/a autorizado/a, rexistrado no órgano competente da Comunidade Autónoma de acordo co RITE, no caso das actuacións sobre instalacións térmicas (tipoloxía 2).

☐ c) Declaración responsable do destinatario último na que se faga constar o cumprimento da normativa relativa ás infraestruturas comúns de telecomunicacións e instalacións dixitais, cando á actuación lle resulte de aplicación o disposto no Real decreto 346/2011, do 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior das edificacións.

☐ d) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, conforme o exixido polas bases reguladoras e pola resolución da concesión da axuda, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e da data de conclusión das actuacións. Esta memoria deberá acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3.3 destas bases reguladoras e os requisitos establecidos no anexo III para cada tipoloxía de actuación. Esta memoria realizarase e subscribirase por un/unha técnico/a titulado/a competente autor/a do proxecto ou da dirección da execución da actuación, indicando así mesmo a data de conclusión das actuacións.

☐ e) Informe que acredite a adecuada realización das actuacións obxecto da axuda concedida, de acordo coa documentación presentada na solicitude da axuda, emitido polo organismo de control ou pola entidade de control que cumpra os requisitos técnicos establecidos no Real decreto 410/2010, do 31 de marzo, polo que se desenvolven os requisitos exixibles ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, para o exercicio da súa actividade ou por entidade de control habilitada para o campo regulamentario das instalacións térmicas reguladas pola Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e o Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, na especialidade ou especialidades que mellor se adecúen á natureza da actuación.

☐ f) Relación certificada e copia dos pedidos e/ou contratos relativos ás actuacións realizadas

☐ g) Relación certificada e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pago, relativos ao investimento elexible realizado e que respondan o orzamento e contratos presentados, salvo que o importe das facturas sexa inferior a 3.000 euros

☐ h) Reportaxe fotográfica das actuacións realizadas, que inclúa fotografías da situación do edificio despois das actuacións e, de ser o caso, dos equipos e instalacións principais finais obxecto da axuda, e onde se mostre o cartel publicitario ou sinalización da actuación. Información e ligazón ao sitio da internet da beneficiaria, no caso de que dispoña dun, onde o devandito destinatario último das axudas informará o público do posible apoio obtido dos Fondos Next Generation ou Plan de recuperación, transformación e resiliencia e/ou, de ser o caso, do instrumento da Unión Europea que corresponda, facendo unha breve descrición da operación, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión Europea.

☐ i) Documentación xustificativa sobre o proceso de contratación das actuacións por parte do destinatario último das axudas.

☐ j) Documentación xustificativa da existencia dunha contabilidade separada ou diferenciada para todas as transaccións relacionadas (ingresos e pagamentos, incluído, no seu caso, o ingreso de axudas, pagamentos a proveedores, etc.)

☐ k) Declaración responsable garantindo o proceso de contratación das actuacións, a existencia dunha contabilidade separada ou diferenciada para todas as transaccións relacionadas, o cumprimento das normas nacionais e comunitarias sobre requisitos de igualdade de oportunidades e non discriminación aplicables a este tipo de actuacións, o cumprimento das normas ambientais nacionais e comunitarias, e sobre desenvolvemento sustentable.

☐ l) Declaración responsable de que se aplicaron medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión do proxecto obxecto de axuda, mantendo o control de calidade das actuacións, transparencia na contratación, control de posibles conflitos de intereses, control de posibles falsificacións, etc.

☐ m) Declaración responsable que acredite a existencia ou non doutras subvencións ou axudas cobradas para a mesma actuación ou finalidade que a solicitada no contexto deste programa de axudas, de calquera Administración, organismo ou entidade pública, nacional ou internacional.

☐ n) Licenza de obras ou, no seu caso, certificado do Concello de non precisar a devandita licencia, no caso de obras.

☐ o) Documentación xustificativa do cumprimento do indicado na base 17 do Acordo do 29 de marzo de 2022, mediante a achega do proxecto ou a memoria técnica onde se inclúa un estudo de xestión de residuos de construción e demolición, así como do correspondente plan de xestión dos residuos de construción e demolición no que se concrete como se aplicará, segundo o regulado polo Real decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

☐ p) Etiqueta de eficiencia enerxética debidamente rexistrada onde conste o número e ano de inscrición no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RXEEE) do certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez realizadas as actuacións, subscrito por unha persoa técnica competente e no cal se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda. No caso de que o edificio non contase cun procedemento para a súa cualificación enerxética, memoria xustificativa de alcanzar polo menos un 30 % de aforro de enerxía primaria coas actuacións propostas, o cal deberá xustificarse na memoria. O conxunto de actuacións que se vai desenvolver no marco dunha tipoloxía das definidas o anexo III terá que alcanzar os umbrais mínimos de aforro establecidos para optar á axuda.

Cando a axuda concedida fose inferior a 50.000 euros e de maneira opcional, poderá entregarse unha conta xustificativa coa achega de xustificantes de gasto, segundo o previsto nos números 1 e 2.a), b), e) e f) do artigo 72 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo. Neste suposto non será obrigatorio achegar a documentación que se indica nas letras d), e) e g) anteriores.

De igual modo e en todos os casos, opcionalmente, poderá entregarse a conta xustificativa coa achega dun informe de auditor, segundo o previsto no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; nese caso non será obrigatorio achegar a documentación sinalada nas letras f), g), h), i), j) e m) anteriores, sempre que o alcance do informe do auditor conteña a comprobación dos apartados sinalados na letra B, letra k), do anexo III, do Acordo do 29 de marzo de 2022.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	☐
Certificación de eficiencia enerxética do edificio obtido unha vez realizadas as actuacións	☐
Consulta de concesións de subvencións e axudas	☐
Consulta de inhabilitacións de subvencións e axudas	☐
Consulta de concesións pola regra de *minimis*	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	◯ SI ◯ NON
NIF da entidade representante	◯ SI ◯ NON
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	◯ SI ◯ NON
Certificado de residencia fiscal en España	◯ SI ◯ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Turismo de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado da tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao devandito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos.
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____